

FACEMOS "ROUPA" COA TÉCNICA DO ORIGAMI

Esta actividade vaise desenvolver na materia de Matemáticas, co grupo 2º ESO agrupamento, que consta de 10 alumnxs.

Para introducir o tema falaremos primeiro da orixe do origami en Xapón e da súa presenza nas escolas, así como de unhas breves notacións de linguaxe / gráficos relativos ao origami, e a súa conexión coa linguaxe matemática. Por iso emplearemos no proceso de plegado da figura termos como: metades, cuartos, bisectriz, altura,... A papiroflexia ou origami non so axuda a psicomotricidade fina senón tamén a fixar algúns conceptos matemáticos que ás veces son difíciles de visualizar polo alumnado.

Faremos primeiro unha figura máis sinxela, unha camisa. Partimos dun rectángulo de 7.5x15 cm, imos seguindo as instrucións de plegado ata chegar a nosa prenda de roupa. unha vez rematada, calculamos o seu perímetro e a súa área (debemos buscar a forma de descompoñela en figuras das que si sabemos calcular a súa área, como rectángulos, triángulos,...). Analizamos tamén se podería ser un primeiro deseño para facer con tela.



Como segunda actividade, pensamos nun modelo máis complexo, un vestido. Partimos do noso cadrado de papel de 15x15 e imos seguindo as instrucións ata chegar ao noso modelo final. Ao igual que na actividade anterior imos facendo os plegados utilizando linguaxe matemático e calculamos perímetro e área. Analizamos se é posible o seu deseño real e que modificacións poderíamos facer para realizalo.



Outra actividade sería buscar novos deseños coa temática xaponesa:



Ou ben outros deseños:

